

ANCESTROS DEL MUNDO GALICIA

Nº: 11

DICIEMBRE 2010

F
E
L
I
Z

N
A
V
I
D
A
D

Belén de Begonte - Lugo

SALUD - INFORMACIÓN - CULTURA

Registro Ministerio del Interior: 165.263 - N.I.F.: G-27245232

www.ancianosdelmundo.org

Foto Carlos / Lugo



José Rodríguez Varela


O SEÑOR DO BELÉN

XULIO XIZ - Xornalista
Vicepresidente do Belén de Begonte

José Rodríguez Varela (Joselín para os begontinos), morreu o pasado mes de xullo ós 71 anos de idade. Levaba trinta e oito anos sendo o Señor do Belén de Begonte, e deixounos orfos do seu traballo e da súa presencia. Quédanos a lembranza dun home bo, amigo de todos, entregado á tarefa de convertir Begonte na capital do Nadal en Galicia, creador dun Belén Electrónico que marabilla a todos o que o visitan, arredor de corenta mil persoas cada ano.

A historia do Belén hai que buscala na conxunción de dúas ilusións. Era o ano 1972, cando José Domínguez Guizán, párroco begontino, e José Rodríguez Varela, técnico na factoría R.T.R., acudiron á Coruña, ó Centro de Formación Profesional Acelerada, onde había un Belén que funcionaba con electricidade, pensando en facer en Begonte algo parecido. Xa o primeiro ano conseguiron superar o modelo, e desde entón a iniciativa non deixou de medrar e progresar.

Don José, o fundador, poña o ímpetu, a ánsia, a ilusión, a fe. El quería conseguir para Begonte un elemento que fomentase o espíritu de Nadal entre os seus feligreses, que conseguise levar á xente que o contemplase a mensaxe intemporal de Paz na terra ás xentes de boa fe. José Rodríguez Varela facía que a ilusión de don José se fixese realidade poñendo da súa parte todos os coñecementos, a arte, o traballo... montando o belén, artellando as figuras, dando vida ó inanimado, conseguindo facer nacer nun marco cada vez máis ateigado e sensible unha entidade singular e viva que ano a ano ía conquistando o corazón de begontinos e forasteiros; facendo que Begonte




José Domínguez Guizán


foseo punto de destino de milleiros de persoas que quedaban conquistadas pola maxia e a fermosura (tamén pola inocencia) do **Belén más orixinal de toda Galicia**.

Había moi pouco tempo seis meses quizais- que bromeando con Varela eu dixéralle que tiñamos que estar preocupados porque, claro, non podíamos contar con el más que trinta ou trinta e cinco anos máis, e que teríamos que ir cavilando o que fariamos despois. Desgraciadamente, o Belén e todos os amigos do Belén quedamos orfos de Varela a comezos do pasado mes de xullo cando o seu corazón non pudo recuperarse dunha doença repentina.

Este primeiro ano sen el, o Belén non será tocado. Será o




Portal do Belén de Begonte



Marcos, molduras y manualidades
Rda. Muralla, 36 - Bajo
Tlfno.: 982 24 38 81 - 27002 - LUGO

mesmo que el nos deixou, o último que montou, que todos os anos o retocaba e perfeccionaba. E darémoslle o seu nome ó Museo que atesoura numerosas pezas e construcións que formaron parte do Belén nalgúns momentos da súa historia. Xa o bautizaramos hai tempo, "Museo José Rodríguez Varela", pero a súa modestia non nos permitiu siquera colocar unha placa con este nome. Xunto coa súa familia colocarémola "in memoriam", para que quede constancia do nome do creador do Belén Electrónico de Begonte, o que con todo derecho merece ser chamado "**O Señor do Belén**".



Varela traballando

O Nadal en Begonte

XXXIX EDICIÓN 04-12-10 / 29-01-11

ACTIVIDADES E CALENDARIO

BELÉN ELECTRÓNICO. Creador D. José Rodríguez Varela. In memoriam. Colocación da placa que dá o nome de "**MUSEO JOSÉ RODRÍGUEZ VARELA**" ao Museo do Belén. **XXXV CERTAME DE XORNALISMO. XXXV CERTAME DE POESÍA SOBRE O NADAL. XXXV CERTAME DE DEBUXO INFANTIL. XXI CERTAME DE ARTE. EDICIÓN DE "O NADAL" POESÍA E XORNALISMO.**

04-12-2010

Entrega á familia de José Rodríguez Varela (creador do Belén) do título de "**FILLO PREDILECTO DE BEGONTE**" a título póstumo. Concello de Begonte - Lugo.

Pregón do Nadal a cargo de D. Segundo Pérez López, Presidente da Academia Auriense-Mindoniense de San Rosendo.

7-12-2010

Inauguración da exposición "**Imaxes do Nadal**" en Guitiriz - Lugo.

13-12-2010

Apertura da exposición de fotografía "**ANCIANOS DEL MUNDO**". Museo do Belén. Begonte Lugo.

22-12-2010

Inauguración da exposición "**Imaxes do Nadal**" en Outeiro de Rei Lugo.

29-12-2010

Sala de exposicións da Xunta de Galicia en Lugo. Inauguración da exposición de pintura. Obras presentadas ao "**XXI Certame de Arte do Centro Cultural José Domínguez Guizán**".

15-01-2011

Casa da Cultura de Begonte. Inauguración da exposición de pintura. Obras presentadas ao "**XXI Certame de Arte do Centro Cultural José Domínguez Guizán**".

29-01-2011

Entrega de premios dos certames culturais. Clausura de actividades. Representación da obra teatral "**"RECOBROU O SORRISO O ELEUTERIO"**", de Xosé Manuel Carballo, polo grupo da Asociación de Amigos da Feira de Castro de Rei - Lugo.



Roysan Auto
"La calidad nos diferencia, el trato nos distingue"

Tlfno.: 982 207 060 - FAX: 982 207 353

Rúa do Vidro, parcela 10 - Polígono "O CEAO"

Web: www.roysanauto.com

E-mail: concesion@roysanauto.com